




Programa

Rede Galega de Viveiros de Empresas

en centros educativos

Plan **eduemprende**



Rede Galega de Viveiros de Empresas
en centros educativos

Programa **emprende**



Máis información

www.edu.xunta.es/fp
eduemprende@edu.xunta.es
Teléfono 981 546 564



eduemprende

Plan de emprendemento
no sistema educativo de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Programa Emprende

Eduemprende, o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, ten como finalidade o fomento do espírito emprendedor e as iniciativas empresariais. Para alcanzar este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do programa Emprende, pon a disposición do seu alumnado, de xeito gratuito, espazos adecuados para a posta en marcha de proxectos empresariais viables, coas infraestruturas básicas e co asesoramento e tutoría do responsable de emprendemento nos centros educativos que conforman a Rede galega de viveiros de empresa.

Que servizos ofrece un viveiro de empresas ?

Todos os servizos que se ofrecen desde estes viveiros son gratuítos e serán os axeitados en cada unha das fases nas que se atope o proxecto.

1. Asesoramento

- Por parte do profesorado que imparte formación relacionada co sector onde se desenvolverá o teu proxecto.
- Do persoal técnico especialista para avaliar a viabilidade técnica e económica do teu proxecto.
- Tutoría polo coordinador ou coordinadora de emprendemento, responsable do seguimento e orientación no teu proxecto.

2. Instalacións propias do viveiro

Espazos axeitados para o desenvolvemento das actividades das persoas emprendedoras no centro educativo onde se atopa o viveiro que ofrece:

- Moblaxe básica propia dunha oficina
- Equipos informáticos
- Acceso a internet
- Teléfono, fax, fotocopiadoras...
- Gastos xerados no mantemento xeral

Quen pode acceder a un viveiro ?

1. Poden acceder todas as persoas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

a) Alumnado matriculado nalgunha ensinanza sostida con fondos públicos de Galicia de:

- Formación profesional
- Ensinanzas de artes plásticas e deseño
- Ensinanzas superiores de deseño
- Ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Música
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Danza
- ensinanzas deportivas
- bacharelato
- educación secundaria para persoas adultas (ESA)

b) Persoas que finalizaran nos últimos catro anos os estudos mencionados no apartado a)

2. Poden ser un ou varios emprendedores nun mesmo proxecto, segundo a forma xurídica elixida.

Que trámites terás que realizar para acceder aos servizos dun viveiro?

Para acceder ao viveiro que ti elixas deberás seguir os seguintes pasos:

1. Entrevista inicial coa persoa titora do viveiro, para a valoración da idea emprendedora e do equipo emprendedor, que responderá ás túas preguntas e dúbidas en relación co funcionamento do viveiro e valorará o potencial emprendedor da túa idea.

2. Elaboración / preparación do plan de empresa. Se a valoración da túa idea emprendedora é positiva a persoa titora do viveiro axudarate a elaborar un proxecto de empresa realista. Neste proceso terás que madurar a túa idea, analizar o contorno, facer as previsións de investimento, buscar financiamento, establecer as estratexias para introducirte no mercado,...

3. Se o proxecto se valora como viable deberás asinar o Contrato tipo de cesión de espazo no viveiro de empresas do IES/CIFP elixido, para usar de forma gratuita as instalacións do viveiro como sede da túa empresa.

Rede galega de viveiros de empresas en centros educativos

Nos seguintes centros educativos existen viveiros de empresa onde desenvolver e poñer en marcha o teu proxecto empresarial. Son a referencia para o emprendemento na súa área de influencia. Neles coordínanse accións formativas dirixidas ao alumnado propio e ao alumnado dos centros educativos próximos que se leven a cabo no centro de referencia.

Viveiro	Enderezo	Localidade	Teléfono	Enderezo electrónico
CIFP Ánxel Casal –Monte Alto	Paseo Marítimo 47	A Coruña	881 960122	viveiro.cifp.anel.casal@edu.xunta.es
CIFP Someso	Rúa Someso 6	A Coruña	881 880001	viveiro.cifp.someso@edu.xunta.es
CIFP Paseo das Pontes	Rúa San Pedro de Mezonzo 4	A Coruña	981 160196	viveiro.cifp.paseodaspontes@edu.xunta.es
CIFP Politécnico de Santiago	Rúa Rosalía de Castro 133	Santiago	981 522062	viveiro.cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.es
CIFP Compostela	Lamas de Abade s/n	Santiago	881 866570	viveiro.cifp.compostela@edu.xunta.es
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Avenida Castelao, 64 (Caranza)	Ferrol	881 930145	viveiro.cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.es
CIFP Ferrolterra	Avenida Ramón y Cajal, s/n	Ferrol	981 333107	viveiro.cifp.ferrolterra@edu.xunta.es
IES de Fene	O Pazo 13-15	Fene	881 938260	viveiro.ies.fene@edu.xunta.es
CIFP Coroso	Avenida da Coruña 174C	Ribeira	881 866865	viveiro.cifp.coroso@edu.xunta.es
IES Universidade Laboral *	Rúa Salvador Allende	Culleredo	981 660700	viveiro.ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.es
CIFP Politécnico de Lugo	Rúa Armando Durán 3	Lugo	982 220328	viveiro.cifp.politecnico.lugo@edu.xunta.es
CIFP As Mercedes	Avenida de Madrid 75	Lugo	982 828001	viveiro.cifp.asmercedes@edu.xunta.es
CIFP Porta da Auga	Avenida Luarda s/n	Ribadeo	982 128894	viveiro.cifp.portadaauga@edu.xunta.es
CIFP Portovello	Rúa Luís Trabazos (As Lagoas) 1	Ourense	988 788901	viveiro.cifp.portovello@edu.xunta.es

Viveiro	Enderezo	Localidade	Teléfono	Enderezo electrónico
CIFP A Farixa	Rúa Finca Farixa, s/n	Ourense	988 236552	viveiro.cifp.farixa@edu.xunta.es
CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel	Rúa A Carballeira, s/n	Ourense	988 788470	viveiro.cifp.carballeira@edu.xunta.es
IES García-Barbón *	Rúa Antonio Fernández Pérez s/n	Verín	988 410379	viveiro.ies.garcia.barbon@edu.xunta.es
IES Luís Seoane	Rúa Luxemburgo s/n (Monteporreiro)	Pontevedra	986 857700	viveiro.ies.luis.seoane@edu.xunta.es
CIFP A Xunqueira	Rúa Rafael Areses, s/n	Pontevedra	986 873003	viveiro.cifp.xunqueira@edu.xunta.es
CIFP A Granxa	Rúa Areas, s/n (Apdo. 7)	Ponteareas	886 120880	viveiro.cifp.granxa@edu.xunta.es
CIFP Manuel Antonio	Avenida de Madrid, s/n - (ap. 3138)	Vigo	886 120750	viveiro.cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es
CIFP Valentín Paz Andrade *	Estrada Vella de Madrid 160	Vigo	886 110857	viveiro.cifp.paz.andrade@edu.xunta.es
IES Ricardo Mella	Estrada Vella de Madrid 177	Vigo	886 121001	viveiro.ies.ricardo.mella@edu.xunta.es
IES Montecelo *	Avenida Montecelo 16	Pontevedra	986 850261	viveiro.ies.montecelo@edu.xunta.es
IES Armando Cotarelo Valledor *	Rúa Armando Cotarelo Valledor 4-6	Vilagarcía de Arousa	986 512311	viveiro.ies.armando.cotarelo@edu.xunta.es
IES Laxeiro *	Avenida Buenos Aires 71	Lalín	886151940	viveiro.ies.laxeiro@edu.xunta.es

* Viveiros que serán inaugurados no ano 2017.



Onde me podo informar?

Se queres información sobre a rede de viveiros de empresas dirixete a calquera centro de formación profesional dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou consulta a páxina **www.edu.xunta.es/fp**

Podes contactar co coordinador ou a coordinadora de emprendemento e/ou co titor ou a titora do viveiro dalgún dos centros antes indicados. Podes elixir o centro que mellor se axuste ás túas necesidades, ben pola súa localización ou ben polas familias profesionais que nel se impartan.

Os viveiros proporcionan unha plataforma para establecer relación con outras empresas, administracións e outras institucións, o que facilita coñecer outras experiencias e abrirse camiño no mercado. Daraste a coñecer a través da páxina **www.edu.xunta.es/fp**.